



No ano académico 2000/2001 extinguiuse o plano de estudio de 1978 da titulación de Diplomado en Ciencias Empresariais. Como consecuencia da su extinción dende o curso 1999/00 por un motivo técnico (informático), non se tiveron en conta as prelacións que establecía o plano de estudos de xeito que tódalas materias que superaron os alumnos foron imputadas nos correspondentes expedientes, permitindo-se a matrícula dos alumnos no curso 99/00 e 00/01 neste plano de estudos sen realizar ningún tipo de control xa que ademáis moitos destes alumnos cursaban as materias extinguidas pola súa equivalencia no plano reformado.

Subsanado este fallo informático os alumnos que antes tiñan anotado no seu expediente a cualificación na materia prelaciónada agora aparecelles a mención "*sen cualificar*", situación que os prexudica tanto se pretenden adaptarse como trasladarse a outra universidade.

Tendo en conta que na xurisprudencia do Tribunal Supremo o conflito entre "*estricta legalidade*" da actuación administrativa e o de "*seguridade xurídica*" derivada da mesma este tense resolto a favor da seguridade xurídica en virtude do principio de "*protección da confianza lexítima do cidadán*" dictase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- Na matrícula efectuada polos alumnos do plano de estudos de 1978 de Ciencias Empresarias dende o curso 1999/2000 non se terán en conta as prelacións existentes no plano de estudos por estar extinguido.


Segundo.- Nos expedientes dos alumnos deberán constar tódalas cualificación optidas polos mesmos, en tódalas materias polo que no caso de haber "*preactas*" nas materias prelaciónadas estas deberán considerarse como as cualificacións finais sen ter en consideración a cualificación acadada na materia prelación.

Terceiro .- Esta situación deberá terse en conta nos casos de solicitude de adaptación do plano de estudos ou de traslado de expediente a outra Universidade para continuación dos mesmos estudos.

Cuarto.- A Unidade de Xestión Académica adoptará tódalas medidas que fosen necesarias para a execución desta instrucción.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2001

O Secretario Xeral



Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Director da Escola de Estudos Empresariais, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Alumando; Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica.